

## Exercicios de reforzo

### Unidade 5: Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica

1. Na seguinte sucesión de palabras, atoparás sufixos apreciativos. Clasifica cada unha delas segundo os tres principais matices de significado que este tipo de sufixos pode expresar:

Baixucho	Casoupa	Raiola
Cadelo	Casaza	Lugarexo
Momentíño	Gordote	Fumallo
Xentuza	Cachote	Portela

2. Xoán e María estaban estudando xuntos. Xoán comentáballe a María que existe un tipo de sufixos que, engadidos a un lexema, dan lugar a palabras doutras categorías sen que varíe a familia léxica. María pedíalle a Xoán o nome destes sufixos e algún exemplo para entendelos, pero Xoán non sabía explicarlle máis. Como axudaría a Xoán?

3. María lembroulle a Xoán que os procedementos máis comúns de formación de palabras son a derivación e a composición, pero que había un caso especial sobre o que había que prestar atención: a parasíntese. Xoán contestoulle rapidamente que sabía perfectamente o que era a parasíntese: procedemento polo cal sobre nun lexema se produce prefixación e despois sufixación (ou viceversa), como por exemplo *militarista*:

Militar > militarista > antimilitarista

→ Estás de acordo con Xoán? Que engadirías sobre a parasíntese?

4. Xoán sabe que María domina moito a lingua inglesa. Por isto, preguntoulle palabras en inglés que hoxe se utilizan moito na nosa lingua, ou palabras galegas que proveñan do inglés. Como xogo, Xoán propúxose ir clasificando en préstamos necesarios ou innecesarios as palabras que María fose dicindo. Como cres que resolvería Xoán este exercicio? Atende as palabras que lle dixo María:

*Parking, hall, training, software, hardware, mouse, penalti, baloncesto, rato (informática), rañaceos, balonmán, ticket, jeans, blog, bluetooth, porto (informática), hobby.*

5. a) Á vista do exercicio anterior, Xoán sorprendeuse da cantidade de palabras que se incorporan innecesariamente do inglés e preguntouse por que se facía isto. Que lle podes dicir a Xoán?

5. b) María reparou nisto e pensou que a *moda* do inglés está a ser tan forte que mesmo se crean novas palabras sobre bases galegas que *imitan* o aspecto das inglesas utilizando a terminación *-ing* con sentido de 'acción de'. Propón exemplos e di como se podería solucionar este fenómeno.

6. Xoán e María observaron que moitos dos préstamos necesarios (vistos no exercicio 4) mantiñan a grafía orixinal inglesa, outros variaban lixeiramente, e mesmo outros era unha tradución literal (á galega). Xoán e María decidiron clasificar as palabras propostas tendo en conta estes aspectos. Como o farías ti?

7. A realización de todas estas prácticas levoulles a pensar a María e a Xoán no caso máis problemático que ten o galego hoxe en día respecto da perda do léxico propio por causa do uso que fan os seus falantes dos castelanismos. Xoán comentoulle a María que non só se producen os castelanismos a nivel léxico, senón tamén a nivel fonético, morfolóxico e sintáctico. Pon exemplos de cada un deles.

8. María quixo demostrar que Xoán sabía distinguir na práctica os tipos de castelanismos e propúxolle o seguinte xogo. Debe detectar os castelanismos, dicir de que tipo son e corrixir os seguintes exemplos. Axuda a Xoán a resolver a proba:

1. Todos os concexais fan o mesmo: primeiro bébense un vaso de viño e logo botan a cinza do cigarro no ceniceiro, por qué terán esa costume?
2. En primer lugar hai que chear unha olla de papel con palabras e logo xa buscaremos a súa interpretación.
3. Cando se despertou, levantou as cexas intrigado por aquel ruído, e ao recoñecelo rompeu a carcaxadas.
4. Quenes están de acordo co proxecto que expuxo o señor Presidente?
5. Tiña a completa seguridade de que iba a ganar moitos cartos nalgún lugar lexis de aquí.
6. Me gustan máis as almexas á mariñeira ca o conexo con lechuga.

9. a) Como xogo final, Xoán propúxolle a María a seguinte proba: debe ofrecer as abreviacións da seguinte lista de palabras: *Barcelona, bocadillo, policía, televisor, bicicleta, profesor, automóbil, motocicleta, bolígrafo, cinematógrafo e discoteca*.

9. b) Propón ti algún exemplo máis.

10. María, para retrucar a resposta de Xoán, fíxolle unha última pregunta: en que se diferencian as siglas dos acrónimos? Que resposta darías ti?

## Solución:

1.

Baixucho: diminutivo / despectivo

Cadelo: diminutivo

Momentíño: diminutivo

Xentuza: despectivo

Casoupa: despectivo

Casaza: aumentativo

Gordote: aumentativo

Cachote: diminutivo

Raiola: diminutivo

Lugarexo: despectivo

Fumallo: despectivo

Portela: diminutivo

2.

Resposta: Diríalle a Xoán que existe un tipo de sufixos transcategorizadores (é dicir, que cambian a categoría gramatical das palabras sobre as que se incorporan) que se denominan *non apreciativos*. Como exemplos, pódennos valer os seguintes casos:

PAN (SUBSTANTIVO) – EMPANADO (ADJECTIVO) – EMPANAR (VERBO)

LOUSA (SUBSTANTIVO) – ENLOUSADO (ADJECTIVO) – ENLOUSAR (VERBO)

CLARO (ADJECTIVO) – CLARIDADE (SUBSTANTIVO)

3.

Non estou de acordo con Xoán. Precisamente o exemplo que propón Xoán é unha derivación por sufixación e despois por prefixación. Cada unha das palabras creadas (militarista, antimilitarista) existe na lingua e ten un significado perfectamente recoñecido.

A parasíntese é un fenómeno de derivación simultánea, é dicir, a prefixación e a sufixación (ou viceversa) prodúcese ao mesmo tempo sobre o lexema. Por isto, non existen na lingua as palabras que, só na teoría, se poden segmentar dentro dunha parasintética. Exemplo: *setemesiño*:

Mes > sete + mes + iño > setemesiño [non existe: setemés\*, mesiño\*]

4.

Necesarios: software, hardware, penalti, baloncesto, rato, rañaceos, balonmán, blog, bluetooth,

Innecesarios: parking (aparcadoiro, estacionamento), hall (recibidor), training (adestramento), mouse (rato), ticket (entrada, recibo, vale, etc.), jeans (pantalón vaqueiro, vaqueiro), porto (vía de entrada), hobby (afección, pasatempo).

5.

A) A maioría dos casos explícanse por *modas*. O inglés é a lingua máis globalizada e, neste contexto, séntese a necesidade de coñecela para poder *estar no mundo* e utilizar as novas tecnoloxías da información, por exemplo. Esta situación *pon de moda* o uso e a aprendizaxe da lingua. Por outra parte, debemos reparar que a maioría das palabras que mencionamos teñen que ver co ámbito da informática, que se aprenden en inglés e se incorporan como propias do idioma sen que dea tempo a que o propio idioma propoña unha palabra autóctona.

B) É o caso de *ponting* (saltar con cinta desde pontes), *rotonding* (realizar xiro completo nunha rotonda), *curving* (realizar curvas continuas en estradas sinuosas), *enchenting* (realizar comidas copiosas), *silloning* (sentar longos períodos de tempo sen maiores actividades) etc.

A solución máis habitual que se propón é derivar as bases léxicas con morfemas de sufixo como *-ismo*: pontismo, rotondismo, curvismo, enchentismo, etc.

6.

Necesarios inalterados ou estranxeirismos: software, hardware, blog, bluetooth

Necesarios adaptados: penalti,

Calcos: baloncesto (*basketball*), rato (*mouse*), rañaceos (*skyscraper*), balonmán (*handball*)

7.

Fonético: non diferenciación das vogais medias *e* e *o* na súa relación media aberta e media pechada.

Morfolóxico: afecta ao xénero (\*a mel, \*a leite, \*a sangue, etc.) e ao número (\*os caracoles)

Sintácticos: afecta, sobre todo, á colocación do pronome átono, a non utilización do artigo co posesivo e a confusión entre os pronomes de CD e CI (te e che).

Léxico: son os máis numerosos. Poden convivir coa forma galega (billa / \*grifo), poden presentarse *adaptados* (\*conexo, \*lentexa), poden substituír a forma galega (\*pueblo, \*Dios), etc.

8.

1. Todos os **concelleiros [léxico]** fan o mesmo: primeiro **beben [morfolóxico]** un vaso de viño e logo botan a cinza do cigarro no **cinzeiro [léxico]**, por que terán **ese costume [morfolóxico]**?

2. En primeiro [léxico] lugar hai que encher [léxico] unha folla [léxico] de papel con palabras e logo xa buscaremos a súa interpretación.
3. Cando espertou [morfolóxico], levantou as celas [léxico] intrigado por aquel ruído, e ao recoñecelo rompeu a gargalladas [léxico].
4. Quen [morfolóxico] están de acordo co proxecto [léxico] que expuxo o señor Presidente?
5. Tiña a completa seguridade de que ía gañar [morfolóxico] moitos cartos nalgún lugar lonxe [léxico] de aquí.
6. Gústanme [sintáctico] máis: as ameixas [léxico] á mariñeira ou o coello [léxico] con leituga [léxico]?

9.

Barna, bocata, poli, tele, bici, profe, auto, moto, boli, cine, disco

10.

As siglas son abreviacións de sintagmas que se obteñen como resultado da unión de cada letra inicial da compoñente do sintagma, como por exemplo CD ('compact disc'); en cambio, os acrónimos teñen o mesmo procedemento de formación pero, en vez de tomar a letra inicial, constrúese con varias das letras iniciais, como por exemplo INEM (Instituto Nacional de Emprego).